



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIÓN DE ASOCIACIÓNS PROVINCIAIS UDP DE LUGO PARA FINANCIAR O MANTENIMENTO DA ENTIDADE E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e por vacante segundo o establecido na Disposición adicional 1ª do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Unión de Asociacións Provincias UDP de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase UDP LUGO dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das actividades dirixidas ós maiores que desenvolve UDP de Lugo: excursións de interese cultural e recreativa e a celebración do Día do Xubilado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

As actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e as específicas necesidades inherentes ó colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato o Sector Público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 3 de outubro de 2018.

